


OS TEXTOS INSTRUTIVOS


Son aqueles nos que se dan indicacións ou explicacións sobre como facer algo. Xeralmente están escritos en pasos, para que a persoa lectora poida seguir as instrucións facilmente.



CAL É A SÚA ESTRUTURA?


1. Título

- Indica o **nome** da actividade ou da instrución.
- Debe ser **claro e directo**.
 - O **tema** do texto.
 - A **opinión** da persoa que escribe.
- Exemplo: “Como facer unha limoadada”.



2. Listado de materiais (ou ingredientes)

- Serve para preparar todo o que se precisa antes de comezar coa actividade.
- Debe aparecer en forma de listado.
- Exemplo:
 - Ingredientes:
 - 3 limóns.
 - 1 litro de auga fría.
 - 4 culleradas de azucre.
 - Xeo.





- Utensilios:
 - Un espremedor.
 - Unha xerra grande.
 - Unha culler longa.
 - Vasos (para servir).

3. Instrucións ou pasos

- Indican o que se debe facer paso a paso.
- Empregan verbos en **imperativo**.
- A **orde** dos pasos é importante.
- Exemplo:

- Pasos a seguir:

1. Lava ben os limóns con auga.
2. Corta os limóns pola metade.
3. Espreme o zume dos limóns e bota o zume resultante nunha xerra.
4. Engade auga fría ata encher a xerra.
5. Engade o azucre e remexe ben ata que se disolva.
6. Serve a limoada nos vasos e a gozar!



4. Recomendacións ou consellos finais (opcional)

- Achegan ideas para a mellora do resultado.

5. Ilustracións ou imaxes (opcional)

- **Acompañan** os pasos para facilitar a comprensión.



“Teoría textos intrusivos”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)